

NORMAS PARA AS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO

1. As persoas, organizacións ou comunidades que desexen realizar unha fogueira, presentarán a solicitude correspondente no Rexistro xeral do concello ata o **19 de xuño de 2026**, sinalando o lugar elixido, así como o nome, enderezo, DNI e teléfono dos responsables da organización ou comunidade, que deberán coidar os arredores, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
2. O volume de combustible da fogueira non sobrepasará os oito (8) metros de perímetro nin os tres (3) de altura.
3. A separación entre as fogueiras e os edificios e árbores será, como mínimo, de vinte (20) metros.
4. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
6. Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
7. En ningún caso se botará ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda cando estean baleiros.
8. No suposto de que a fogueira se realice sobre terreos de uso público enlousado, os organizadores encargaranse de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
9. Ó rematar a fogueira e antes de abandonar o lugar, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e a pavimentación quede no mesmo estado no que se atopaba antes de iniciarse o lume.
10. Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ó remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematada a fogueira e/ou sardiñada. (No caso de espazos públicos)

O cumprimento destas normas poderá ser comprobado durante a noites do día de San Xoán e San Pedro polos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Esta Alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños e veciñas para o bo desenvolvemento das festas das noites de San Xoán e San Pedro.

Teléfono dos bombeiros: 080

Teléfono de emerxencias: 112